

# COMPETENCIA EN LINGUA GALEGA-N3

*Francisco David Paz Lafuente*

*2.ª edición*

Muestra gratuita

**IDEASPROPIAS**  
editorial

---

# IDEASPROPIAS

*editorial*

 Compra este libro



Muestra gratuita

**Galego**

**N3**

**Muestra gratuita**

**COMPETENCIA EN LINGUA  
GALEGA-N3**

### COMPETENCIA EN LINGUA GALEGA-N3.

Non está permitida a reprodución total ou parcial deste libro, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por fotocopia, por rexistro ou outros métodos, sen o permiso previo e por escrito dos titulares de Copyright.

DEREITOS RESERVADOS 2015, respecto da segunda edición, por  
© Ideaspropias Editorial.

ISBN: 978-84-9839-562-4

Depósito legal: VG 80-2015

Autor: Francisco David Paz Lafuente

Formato: 21 x 29,7 cm

Páxinas: 88

Impreso en España

Ideaspropias Editorial incorporou na elaboración deste material didáctico citas e referencias de obras divulgadas e cumpriu todos os requisitos establecidos pola Lei de Propiedade Intelectual. Polos posibles erros e omisións, escúsase previamente e está disposta a introducir as correccións pertinentes en próximas edicións e reimpresións

**Galego**

**N3**

**Muestra gratuita**

**Galego**

**N3**

# Índice

<b>1.</b>	Os diferentes rexistros da lingua _____	006	<b>3.</b>	A palabra falada _____	038
	1.1. Introducción _____	008		3.1. Introducción _____	040
	1.2. Identificación das variedades sociais da lingua (estándar, coloquial, culta e vulgar) e diferenciación das características fundamentais da lingua usada nos contextos familiar e profesional _____	008		3.2. Intervención en situacións de comunicación propias do ámbito profesional ou da vida cotiá, respectando as normas da interacción oral _____	040
	1.3. Uso, nas producións orais e escritas, do rexistro adecuado da lingua, de acordo co contexto social e coa situación de comunicación en que se empreguen, evitando os vulgarismos e as expresións que denoten algún tipo de discriminación _____	012		3.3. Exposición oral da información tomada de varios medios de comunicación e doutras fontes de información sobre un mesmo tema de actualidade, comparando as diferentes opinións e puntos de vista, respectando as normas que rexen a interacción oral _____	043
	1.4. Recoñecemento e uso dos elementos paraverbais (entoación, pausas, énfase, etc.) e non verbais (expresión facial, xestos, etc.) adecuados a cada situación comunicativa _____	014		3.4. Presentacións orais ben estruturadas sobre temas relacionados coa vida profesional e coa actualidade, dos que existan puntos de vista diferentes, con apoio nas tecnoloxías da información e da comunicación _____	044
	RESUMO _____	015		RESUMO _____	047
	COMPROBA O QUE APRENDICHES _____	016		COMPROBA O QUE APRENDICHES _____	048
	SOLUCIÓNS _____	018		SOLUCIÓNS _____	050
<b>2.</b>	Comprensión e síntese de textos escritos _____	020	<b>4.</b>	A exposición e a argumentación _____	052
	2.1. Introducción _____	022		4.1. Introducción _____	054
	2.2. Análise e interpretación de textos procedentes dos medios de comunicación escritos (reportaxe, editorial, columna, etc.) sinalando os puntos fundamentais tratados e as súas relacións, e o carácter destes textos (expositivo, argumentativo, etc.) _____	022		4.2. Recoñecemento en exemplos reais das características estruturais e formais dos textos expositivos, explicativos e argumentativos _____	054
	2.3. Análise e interpretación de textos da vida cidadá e profesional como disposicións legais, contratos, folletos informativos, correspondencia institucional e comercial, solicitudes, currículos, recoñecendo os elementos de contido e estruturais que lles son propios _____	025		4.3. Identificación e uso adecuado dos conectores textuais de causa, consecuencia e condición _____	056
	2.4. Identificación de distintos procedementos de conexión nos textos, con especial atención aos conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, e dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna _____	028		4.4. Recoñecemento e uso adecuados dos mecanismos gramaticais (pronomes persoais, demostrativos e posesivos) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipse) de referencia interna textual _____	057
	2.5. Expresión do contido fundamental dos textos estudados mediante os procedementos adecuados: esquemas, mapas conceptuais e resumo escrito _____	030		4.5. Recoñecemento e uso de formas de expresión da subxectividade en textos expositivos e argumentativos _____	058
	2.6. Consulta e interpretación adecuada das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e normativa) _____	032		4.6. Utilización da biblioteca (dicionarios e enciclopedias) e das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) para localizar, seleccionar e organizar a información _____	059
	RESUMO _____	033		4.7. Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo dotado de cohesión (uso de aposicións, oracións de relativo, construcións de xerundio e participio, oracións coordinadas e subordinadas) _____	061
	COMPROBA O QUE APRENDICHES _____	034		RESUMO _____	063
	SOLUCIÓNS _____	036		COMPROBA O QUE APRENDICHES _____	064
				SOLUCIÓNS _____	066

## 5.

Os textos escritos nos ámbitos profesional e persoal	068
5.1. Introducción	070
5.2. Comprensión de textos da vida cotiá como disposicións legais, contratos, folletos informativos, correspondencia institucional e comercial, recoñecendo os elementos de contido e estruturais que lles son propios	070
5.3. Utilización da biblioteca (dicionarios, enciclopedias) e das tecnoloxías da información e da comunicación para localizar, seleccionar e organizar a información	073
5.4. Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais como solicitudes, reclamacións, currículum vitae, cartas, utilizando adecuadamente as características formais que lles son propias	076
5.5. Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo dotado de cohesión (uso de aposicións, oracións de relativo, construcións de xerundio e participio, oracións coordinadas e subordinadas)	078
5.6. Recoñecemento e uso adecuados dos mecanismos gramaticais (pronomes persoais, demostrativos e posesivos) e léxicos (repeticións, sinónimos, hiperónimos e elipse) de referencia interna textual	079
RESUMO	081
COMPROBA O QUE APRENDICHES	082
SOLUCIÓNS	084

Muestra gratuita

# 1.

## Os diferentes rexistros da lingua



### Contidos



#### 1. Os diferentes rexistros da lingua

##### 1.1. Introducción

1.2. Identificación das variedades sociais da lingua (estándar, coloquial, culta e vulgar) e diferenciación das características fundamentais da lingua usada nos contextos familiar e profesional

1.3. Uso, nas producións orais e escritas, do rexistro adecuado da lingua, de acordo co contexto social e coa situación de comunicación en que se empreguen, evitando os vulgarismos e as expresións que denoten algún tipo de discriminación

1.4. Recoñecemento e uso dos elementos paraverbais (entoación, pausas, énfase, etc.) e non verbais (expresión facial, xestos, etc.) adecuados a cada situación comunicativa

## Obxectivos

- Identificar os trazos propios do uso diferenciado da lingua nos ámbitos familiar, técnico e profesional en producións orais (gravacións de programas de televisión e radio, intervencións directas) e escritas (transcrición de textos en diferentes rexistros), sinalando tecnicismos, posibles vulgarismos e posibles expresións ou palabras que impliquen discriminación dalgún tipo.
- Identificar e enumerar as características básicas do galego culto, estándar e coloquial en producións orais (gravacións de programas de televisión e radio, intervencións directas) e escritas (transcrición de textos en diferentes rexistros), tanto no léxico e nas formas sintácticas utilizadas como nos elementos paraverbais e non verbais usados.
- Utilizar o rexistro apropiado da lingua en situacións simuladas concretas, adaptando o léxico, as expresións, os elementos paraverbais (entoación, énfase e pausas, entre outros) e non verbais (expresión facial, xestos corporais e outros) a cada situación concreta de comunicación.
- Identificar en producións orais e en textos escritos os trazos fundamentais propios da lingua oral (espontaneidade, repeticións, emotividade, etc.) e da lingua escrita (maior rigor e orde sintácticos, evitar as repeticións, etc.).

Muestra gratuita



### Reflexión inicial

A lingua, tanto oral como escrita, é un elemento vivo que está en constante cambio e vese influenciado pola situación dos falantes, a relación entre eles e a localización xeográfica. Saber manexala nas diferentes situacións favorecerá o mutuo entendemento.



## Introdución

1.1.

Fonemas	Grafemas
/a/	a, á
/b/	b, v
/θ/	z (+a, o, u) c (+e, i)
/tʃ/	ch
/d/	d
/ɛ/	e, é
/e/	e, é
/f/	f
/g/	g (+a, o, u), gu (+e, i)
/i/	i, í, ĩ
/l/	l
/ʎ/	ll
/m/	m
/n/	n
/ɲ/	ñ
/ŋ/	-nh-, -n
/ɔ/	o, ó (ao)
/o/	o, ó
/p/	p
/k/	c (+a, o, u), qu (+e, i)
/r/	r
/r̄/	r-, rr
/s/	s
/t/	t
/u/	u, ú, ü
/ʃ/	x

A lingua é un instrumento de comunicación vivo, maleábel, dinámico, suxeito a diferentes variacións e condicionantes.

Nesta unidade didáctica aprenderase a distinguir as distintas variedades da lingua, así como os factores que as determinan. Ademais, revisarase o concepto de rexistro lingüístico, centrando a atención na importancia de saber manexar o seu grao de formalidade dependendo do contexto comunicativo, evitando tamén usos discriminatorios. Finalmente, trazarase unha breve panorámica sobre a incidencia dos elementos non verbais e paraverbais no proceso comunicativo.

Débese ter en conta que a lingua é o vehículo principal de comunicación dunha comunidade de falantes. Como tal, posúe unhas características que lle son propias (debidas á súa evolución histórica), as cales se van tinguindo de novas tonalidades, por esa mesma evolución, coa entrada de novos vocábulos (nomeadamente, estranxeirismos) e coa revisión e a actualización periódica das normas ortográficas e morfolóxicas que rexén o seu estándar.

Dentro de dito estándar, a lingua oral ocupa un lugar moi importante, ás veces inxustamente esquecido. A través da fala artículase toda unha realidade singular onde se proxectan os saberes, habilidades, capacidades, pensamentos, etc. dunha comunidade. Os recursos que son necesarios manexar para se converter nun falante instruído, determinarán cadañeseu grao de competencia lingüística, non só na lingua oral senón tamén na escrita: afacerse ao contexto comunicativo, adquirir habilidades para detectar a información non verbalizada, recoñecer un escrito adecuado ao estándar, expresarse con corrección e fluidez, etc.

### Identificación das variedades sociais da lingua (estándar, coloquial, culta e vulgar) e diferenciación das características fundamentais da lingua usada nos contextos familiar e profesional

1.2.

Todas as persoas que falan unha mesma lingua comparten unha serie de elementos comúns: alfabeto, estruturas sintácticas, léxico, etc.; é dicir, manexan un mesmo código lingüístico. Non obstante, o uso dese código pode variar dependendo de varios factores.



A maioría de manuais denomina tradicionalmente estas variedades dialectais como: variedades **diatópicas** (mudanzas que se producen na lingua respecto de factores como a fonética, a sintaxe ou o léxico segundo a zona xeográfica), **diafásicas** (diferentes «xeitos de falar» dependendo do contexto, que dan como resultado un rexistro de uso máis ou menos formal) e **diastráticas** (relacionadas co dominio da lingua, o que se traduce nun nivel culto e outro vulgar con relación a este).

Para que a comprensión mutua sexa posíbel, o galego posúe unha variedade estándar que serve de base comunicativa entre os falantes.

A **lingua estándar** é, daquela, a construción lingüística unificadora e pautaada que todos comparten e adoptan tanto na escrita como nos usos formais.

O estándar é, xa que logo, unha variedade formal cunha serie de características definitorias:

- É o resultado dunha convención ou acordo establecido baixo o criterio de lingüistas e persoas expertas, procedentes de ámbitos diversos.
- É supradialectal, isto é, aglutina trazos de diferentes zonas lingüísticas de Galicia (aínda que as falas da faixa occidental son as máis representadas na estandarización).
- Responde a unha vontade de normativización da lingua, pola cal esta se dota de normas para o seu uso culto.
- Xa que logo, todas as linguas da nosa contorna, como o portugués ou o español, posúen, da mesma maneira, variantes estándar que unifican as falas de milleiros de persoas baixo un mesmo código compartido.

As propostas para unificar a lingua falada baixo un mesmo código común nacen xa nos albores do século XX (a RAG [Real Academia Galega] fundase en 1905). Como en calquera outra lingua, a creación dun estándar válido para todas as persoas falantes é un obxectivo esencial.

A RAG, única entidade legalmente capacitada para ditaminar as normas que rexen o estándar, guíase polos seguintes criterios:

- **Criterio de identidade:** a lingua normativa debe ser continuadora da lingua falada pola comunidade e achegarse canto sexa posíbel a ela.
- **Criterio purista:** procúrase manter o sistema lingüístico galego diferenciado do español, evitando as interferencias, os préstamos e a converxencia inducida pola lingua dominante.
- **Criterio supradialectal:** o galego común non se basea nun único dialecto, senón que integra realizacións de diferentes variantes xeográficas para seleccionar as normas.
- **Criterio conservador e tradicionalista:** as formas tradicionais prefírense sobre as máis innovadoras e evolucionadas.
- **Criterio de harmonía coas linguas veciñas:** procura evitar que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas, con especial interese en respectar a relación histórica co portugués.

Con todo, o lugar en que se produce a comunicación, a relación que manteñan os interlocutores e a forma de transmisión da mensaxe (oral ou escrita) son factores que determinan tamén outras variedades lingüísticas como a coloquial e a formal.

Estas variedades, que reciben o nome de rexistros, dependen do grao de proximidade ou familiaridade entre falantes. Daquela, adóitase empregar o rexistro coloquial con persoas con quen se mantén unha relación de confianza (amizades, familiares, etc.), mentres que o rexistro formal fica reservado ás relacións comunicativas onde non existe esa proximidade.

### Exemplo

Unha variación interna, no plano léxico, constitúe a palabra «arume» (propia da terra de Bergantiños), que para designar a «folla do piñeiro» posúe tamén en galego outras voces sinónimas como «candea, faísca, penica, fronza, frouma, pruma, bruma, musgo, penica, pica, picaña, picaza, pico, pinica, pubela, pucha, pulazo, puma, paúlo ou pobela».

### Consulta

A Academia Galega fundouse no ano 1905. Averigua en que ano adquiriu o estatus de Real.



### Sabías que...?

Toda ortografía normalizada das palabras e os seus significados atópase no Dicionario da Real Academia Galega.

<http://www.realacademiagalega.org/diccionario>

**! Importante**

*Verba*, Anuario Galego de Filoloxía é unha revista fundada en 1974 coa intención de difundir os estudos filolóxicos realizados en Galicia.

**Q Consulta**

Imaxina diferentes situacións nas que utilizarías linguaxe formal e linguaxe informal.


**🗨 Vocabulario**

**Castelanismos:** palabras, expresións ou maneiras de falar propias do castelán, que veñen substituír ás correspondentes e lexítimas na lingua galega. Poden ser léxicos (\*pueblo), morfosintácticos (\*andivera, \*a leite) ou fonéticos (\*[sa mon]).

**Vulgarismo:** palabra ou xiro vulgar.

**Hipergaleguismo:** forma pretendidamente galega, mais que se constrúe erroneamente, por un afán de diferenciación e purismo excesivos cando o vocábulo xenuíno coincide co castelán. Tamén se denomina hiperxenexbrismo, e foi un «vicio» moi estendido entre os escritores e as escritoras de entre finais do século XIX e as primeiras décadas do século XX, cando aínda non existía unha normativa oficial. Esta arela diferencialista deu en crear voces falsamente galeguizadas como \*hourizonte, \*brilar, \*inconvinete, \*urbán, \*gasoliña, etc.

En consecuencia, a situación comunicativa é fundamental á hora de empregar un rexistro ou outro. Calquera falante adecuadamente instruído nunha lingua é quen de manexar ambos os dous rexistros cando a situación o require. Polo tanto, non se trata moitas veces dunha elección consciente, senón dunha habilidade que cómpre adestrar.



Alén disto, outro factor que propicia a aparición dunha nova clasificación de variedades lingüísticas é o contexto de uso. Segundo o contexto, os falantes pódense expresar nunha variedade vulgar ou noutra culta. É o que se coñece tradicionalmente como nivel de lingua, asociado con frecuencia a un contexto familiar (rexistro coloquial ou vulgar) ou a un profesional (rexistro formal, nivel culto).

É importante distinguir, non obstante, a variedade ou rexistro coloquial do nivel vulgar de lingua.

A variedade ou rexistro **coloquial** é o que emprega calquera falante, incluso quen posúe un alto grao de instrución, cando se relaciona con outros falantes nun contexto familiar e próximo.

Unha conversa entre dúas persoas sobre unha recente viaxe en común probablemente estea inzada de alusións entre elas, a través de pronomes tónicos (ti, eu, nós, etc.), elipses de información (aspectos que xa se dan por supostos ao existir familiaridade e hábito), frases feitas, interxeccións e retrousos (tío, meu, hó!, e logo!, boh!, etc.), dialectalismos (o uso de chuzar co significado de chover, construído probabelmente a partir da expresión caer chuzos de punta, «chover moito») e unha sintaxe desordenada por momentos, inducida en parte polos cambios súbitos de tema, as interrupcións, as aclaracións, etc.

Da outra parte, o nivel **vulgar** ten que ver cunha falta de competencia lingüística para manexar un código libre de castelanismos (\*tixeiras, \*sartén, etc. por tesoiras e tixola), vulgarismos (\*probe, \*amoto, etc. por pobre e moto), hipergaleguismos (\*ambiente, \*primaveira, etc. por ambiente e primavera), que amose respecto polos recursos expresivos da lingua (nexos, léxico variado, etc.) e que, en termos xerais, se axuste ao estándar.

O nivel vulgar presenta tamén os seus propios trazos lingüísticos definitorios: as frases son curtas, son frases que poden estar incompletas e mal organizadas. O vocabulario que se utiliza nestes contextos vulgares é propio de rexistros informais e con presenza abundante de frases feitas.

Ademais, no caso da comunicación oral, a pronuncia é relaxada e é común a aparición de vulgarismos (\*tou na casa, o \*arradio, a \*ialma, imos \*comere, etc.) e fenómenos lingüísticos como a gheada ou o seseo. O recurso do retrouso é moi frecuente (ben-\*bueno, ou sexa, e tal, etc.).

O **nivel profesional, formal ou culto** caracterízase porque os enunciados adoitan ser longos e elaborados, o vocabulario é amplo e preciso, presenta unha abondosa adxectivación, e na comunicación oral a pronuncia está moi coidada como tamén o está a expresión escrita. Ademais, a sintaxe é complexa, coa utilización frecuente de oracións subordinadas e construcións pasivas; o léxico é rico e variado; e os recursos de cohesión sintáctica son numerosos, sobre todo a través dos conectores ou marcadores discursivos (por unha banda-por outra banda, xa que logo, porén, isto é, a respecto de, con base niso, etc.).

Na seguinte táboa móstranse dous textos correspondentes ao rexistro coloquial e formal:

### Coloquial

«Quixéronme levar; eu non tiven máis tempo que a meterme debaixo da ponte que pasaba un regachiño por alí, unha pontiña que..., unha ponte que tiña coma un metro de alto, e pasaba o rego por baixo, e tan pronto saltei na encrucillada, que estaba alí mesmo o regacho e mais a ponte, eu metínme debaixo da ponte, que non me deu máis tempo, que xa viña a Santa Compañía, e xa non me deu tempo, que se non, xa me collía. Pero metínme debaixo da ponte, eles pasaron por riba, unha ponte de pedra, un valouxo de pedra, un regachiño pequeno». Pasaron por riba e dixeron os de diante: “Aquí ole ó vivo!”, que era ó vivo, que era a carne humana, para levalo.

Fonte: Instituto da lingua galega (<http://ilg.usc.es/ago/>).

### Formal

«Morreulle a mai, e ficou soa. Viñeron a democracia e os arranxos da sociedade do benestar socialdemócrata. As pescas encontráronse co bo trato da pensión e os centros da terceira idade. Ata hoxe. Pero, por culpa dunha vida de bagazo, escamas e frieiras, a protagonista desta historiña non dá gracias a Deus polo seu bo pasar actual senón que, como meu pai, se declara atea.»

Fonte: Xavier Alcalá, *Xela da Chirina* (<http://bit.ly/1snl0M0>).



Especificamente, o uso da lingua no contexto familiar acostuma diferir bastante do que se fai no contexto profesional. No contexto familiar sería bastante acaído un enunciado como o que se expón a seguir, se manifesta un alto grao de familiaridade, usos léxicos coloquiais, próximos da xerga, e altas doses de expresividade lingüística.

O Alberte e o Xiao marcharon coa grea e volveron ao cantar o galo.

Nun contexto profesional, un enunciado paralelo e equivalente ben podería ser:

Alberte e Xiao marcharon coas súas amizades e volveron a altas horas da madrugada.

A linguaxe, neste caso, é moito máis neutra e ausente de matices expresivos. Prima a eficacia comunicativa por riba do requintamento e aumenta a precisión léxica.

A especialización da lingua estándar no contexto profesional pode dar lugar a unha outra variedade lingüística: o tecnolecto ou dialecto técnico. É o caso de linguaxes especializadas, restritas a ámbitos profesionais específicos.

Moitas veces créanse verdadeiros subcódigos, que provocan que parte del só sexa intelixíbel para persoas profesionais, expertas na materia, mentres que resultan crípticos ou excesivamente técnicos para o resto de falantes, que moitas veces veranse incapaces de seguir a conversa.

Sería o caso dos subcódigos científicos (a linguaxe da medicina ou da tecnoloxía) e o dalgunhas profesións tradicionais (o baralleto dos afiadadores ou a verba dos arxinas ou canteiros).

A separación molecular dos fragmentos amplificados efectuouse mediante electroforese horizontal en xeles ultrafinos de poliacrilamida (PAGE), (120 mm x 220 mm x 0,4 mm) con valores de C: 5 % e T entre 5 % - 10 %, dependendo do tamaño molecular do STR. En cada un dos STRs, a electroforese levouse a cabo con tampón Tris-CIH 0,375 M, pH 8,8 para o xel, e Tris-Glicina 0,125 M, pH 8,8, para a ponte, aplicando unha voltaxe constante de 7,8 V/CM, e condicións de refrixeración a 4 °C.

### Consulta

Busca en Internet exemplos de linguaxes especializadas ou tecnolectos.

## Uso, nas producións orais e escritas, do rexistro adecuado da lingua, de acordo co contexto social e coa situación de comunicación en que se empreguen, evitando os vulgarismos e as expresións que denoten algún tipo de discriminación



O **contexto** delimita o rexistro lingüístico que se debe adoptar en cada caso, polo que converterse nun falante adecuadamente instruído na lingua, que manexa os seus recursos (gramática, léxico, fonética, etc.), non supón unicamente ter moitos coñecementos, senón tamén saber aplicalos.

O **rexistro** de lingua empregado nun correo electrónico que se lle envía a unha amizade residente no estranxeiro preguntándolle como lle vai a vida aló, non pode ser idéntico ao que se usaría nunha comunicación profesional para ofrecer os servizos dunha empresa á persoa responsábel da área de contratacións doutra corporación, a través da mesma canle.

Xa que logo, factores como a familiaridade, o nivel de confianza ou a calidade das relacións humanas, de acordo coa existencia ou non de vínculos emocionais e afectivos comúns, inducen ao uso dun rexistro específico. Estes factores teñen que ver co contexto relacional da comunicación, é dicir, coa batería de coñecementos previos que se poden activar cando esta ten lugar.

Paralelamente, a situación en que se produce a interacción tamén é outro factor que intervéñe de maneira activa na elección, non sempre consciente, do rexistro máis acaído. Os contextos comunicativos poden ter unha vontade lúdica, profesional, divulgativa, formativa, etc., e cada un deles determina o emprego dun rexistro de lingua variábel.

O conxunto destes factores delimita de xeito específico as características particulares dos rexistros lingüísticos existentes no idioma. Evidentemente, os límites entre eles poden ser algo difusos nas situacións comunicativas que compartiren moitos elementos, mais polo xeral sempre existe algún matiz recoñecíbel que os diferencia.

Cando se trata de definir o rexistro óptimo para empregar en contextos formais de comunicación, que esixiren o uso dunha lingua coidada, pódense establecer algúns criterios que se deben cumprir preferibelmente.

Dunha parte, a lingua utilizada debería ficar libre de fenómenos como os **vulgarismos**, os castellanismos, e os hipergaleguismos, así como doutras desviacións da norma, como os arcaísmos: uso de \*conquerir (conquistar) co sentido de conseguir, \*segredario, \*cibdade, etc.

Mención a parte merecen os denominados **lusismos**, vocábulos coñecidos no galego antigo e aínda presentes en moitas zonas de Galicia, a pesares de ser excluídos de maneira sistemática polas institucións responsábeis da fixación do estándar escrito.

Algunhas destas palabras tradicionais, coincidentes co portugués, foron introducidas de vagar nos últimos anos nos repositorios de vocabulario e nas orientacións léxicas publicadas polas devanditas institucións.

Mais moitas outras agardan aínda no limbo ou foron directamente desbotadas por criterios, ao final, diferencialistas. É o caso de palabras varridas do léxico galego como «turno» por «vez» ou «quenda», no galego estándar.

Alén disto, cómpre referir que respecto da oralidade, a lingua portuguesa ofrece directrices abondosas sobre a pronunciación correcta de numerosas palabras na actualidade influenciadas pola fonética española.

### ?? Sabías que...?

Anibal Otero participou na elaboración do ALPI (Atlas Lingüístico da Península Ibérica), realizando investigacións lingüísticas en Galicia e no norte de Portugal, país onde sorprendeuno a sublevación militar do 36. Foi entregado ás autoridades españolas o 5 de agosto de 1936 e acusado de espionaxe, ao parecer por se lle descubriren cadernos de enquisas do ALPI con transcripcións fonéticas.

Podes ler toda a información no seguinte enlace: <http://bit.ly/1zUXqhh>



Especialmente rechamante é o caso dalgúns vocábulos co grupo [ks] (grafía «x»), como «complexo», «paradoxo» ou «fixa», que se adoitan pronunciar, desaconselladamente, do mesmo xeito que «noxo» ou «desexo», en vez de o facer como en «exame» ou «inconexa».

Finalmente, é conveniente facer referencia á necesidade de manter un rexistro e, por conseguinte, un discurso libre de apelacións discriminantes. É aconsellábel adaptar a lingua aos tempos modernos e evitar o uso de expresións que poidan resultar excluíntes.

Hai certas costumes que aínda permanecen na sociedade, a pesar de estaren en retroceso, e que cómpre desbotar con firmeza.

O emprego do masculino xenérico:

O home inventou a roda.

En lugar de:

O ser humano inventou a roda.

O uso dos nomes en profesións reflectidas sempre en masculino sen se adaptar ao contexto:

A avogado Alba Conde e a médico Vitoria Pérez.

No canto de:

A avogada Alba Conde e a médica Vitoria Pérez.

Algunhas formas de referirse a persoas de sexo descoñecido, sobre todo en formularios e documentos abertos:

O solicitante, o petionario, etc.

En vez de:

Quen solicita, o-a petionario-a, etc.

As alusións a colectivos sempre no xénero masculino:

A asociación de pais ou asociación de veciños.

En troca de:

Asociación de nais e pais e asociación da veciñanza.

Da mesma maneira, perpetuar expresións que denotan prexuízos raciais ou sexistas son costumes que non poden permanecer inalterados por unha vontade mal entendida e falsamente neutral de reflectir o suposto pensamento do pobo.

Determinadas frases feitas denotan, pola súa parte, prexuízos sexistas:

Chorar como unha nena ou detrás de todo home hai unha gran muller.

A sociedade vai mudando co paso do tempo e a linguaxe utilizada tamén representa a quen a utiliza. Do mesmo xeito que certas tradicións que exclúen a lingua galega nas súas liturxias son cada vez máis cuestionadas, a linguaxe orientada a promover unha sociedade androcéntrica, patriarcal ou clasista tamén debe ser revisada.

### Vocabulario

**Androcentrismo:** forma de pensamento que sitúa o home como centro, considerando unicamente o seu punto de vista.

### Consulta

Para a obtención de máis recursos sobre termos lingüísticos non sexistas, suxestións igualitarias, inclusivas, termos colectivos ou xenéricos existe unha aplicación: <http://www.exeria.net>

Ten como finalidade o uso dunha linguaxe non-sexista: ofrecendo unha axuda interactiva para a edición de textos que reflectan un tratamento igualitario da linguaxe e favorecendo, deste xeito, o cumprimento dos obxectivos do V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes.

### Exemplo

Algun exemplos de expresións raciais son: «Facer unha xudiada ou unha xitanada».


Busca un exemplo de prexuízo lingüístico sexista e explica ós teus compañeiros como se podería evitar o seu uso cotián.

## Recoñecemento e uso dos elementos paraverbais (entoación, pausas, énfase, etc.) e non verbais (expresión facial, xestos, etc.) adecuados a cada situación comunicativa

### ? Sabías que...?

Numerosos estudos e experiencias demostran que a linguaxe de signos non é universal. Os significados que lle son dados nas culturas occidentais a certos xestos e sinais non son compartidos por todas as culturas. Por exemplo, o que para unha persoa galega quere dicir «non» cando move a cabeza dun lado ao outro, na India significa «si».

Hai algúns xestos que incluso se fixeron famosos en todo o mundo, mais en orixe tiñan significados diferentes. É o caso do dedo polgar cara a arriba para indicar aprobación, que se adoita identificar coa benevolencia dos emperadores romanos para cos combatentes vencidos no anfiteatro e significa realmente o contrario, o desacordo en mantelo con vida. O xesto do polgar sinalando o ceo debería interpretarse como o desexo de morte (o ascenso á outra vida, identificándoo cunha espada desenvaiñada), mentres que o perdón se representaría mediante o puño fechado e o polgar oculto (a modo de espada envaiñada). Porén, unha confusión do pintor francés Jean-Léon Gérôme, que inmortalizou esta escena no seu famoso cadro *Pollice Verso* (1872), deu lugar á interpretación errónea a través do tempo.



Moitas investigacións científicas teñen demostrado que a comunicación paraverbal e, especialmente, a non verbal achegan unha cantidade de información ás interaccións maior que a que se transmite a través da linguaxe verbal. O ser humano recorre a esta linguaxe non verbal dende neno coa intención de satisfacer as súas necesidades sen utilizar apenas á linguaxe verbal.

Por unha banda, os **elementos paraverbais** teñen que ver coa dicción, coa expresividade e co estilo comunicativo. En definitiva, coa maneira de empregar a lingua de acordo cuns obxectivos concretos.

Neste sentido, hai que ter en conta que a velocidade, o volume, a entoación, a modulación da voz e do ritmo ou a énfase (motivación) que se lle impriman ao discurso terán moita incidencia na súa óptima recepción e favorecerán os efectos desexados con este.

Pola outra banda, a linguaxe corporal ou **non verbal** tamén posúe grande importancia. A mirada, os xestos, a posición do corpo, a expresión da cara, o contacto físico (por exemplo, ao estreitar a man) e incluso a forma de camiñar, achegan información abondosa que apoia ou desmente a mensaxe que se está a transmitir.

Por estas razóns, é importante tomar consciencia da vitalidade destes signos e marcas do discurso, ben como ouvintes, ou ben como oradores e oradoras. A linguaxe non verbal, a do corpo e o rostro, di moito da persoa e das súas intencións.

Elemento	Característica	Significado
Volume	Elevado	Agresividade, medo, etc.
	Moderado	Tranquilidade
	Baixo	Inseguridade, debilidade, etc.
Ton	Alto	Alegría ou despreocupación
	Baixo	Potencia e fortaleza
Intensidade	Forte	Participación e interese
	Débil	Cansazo ou desinterese
Velocidade	Rápida	Precipitación
	Lenta	Seguridade

Cada contexto requirirá un determinado xeito de usar os elementos paraverbais da comunicación. Para manter a atención e o interese, a modulación da voz, o emprego adecuado dos silencios, os cambios de ritmo e a entoación, son recursos fundamentais.

Dirixirse a un auditorio coa cabeza baixa e as mans fixas nun atril indicará normalmente inseguridade, igual que morder os labios. Conversar ou dirixirse a alguén coas mans abertas e as palmas cara á fóra do corpo adoita interpretarse como signos de sinceridade e vontade comunicativa.

Unha pausa antes de realizar unha afirmación importante ou achegar unha conclusión principal, serve para aumentar a expectación. Introducir a pausa logo de dita conclusión outórgalle peso e permite reflexionar brevemente sobre a idea. Á vez, a persoa oradora pode descansar e tomar folgos antes de continuar.

## Resumo

Nesta unidade didáctica aprendeuse que:

- A lingua padrón, o estándar, adopta diferentes realizaciónse segundo o contexto, a situación comunicativa, a zona xeográfica etc., polo que cómpre recoñecer as súas variedades para determinar a súa idoneidade en cada interacción.
- A maneira en que se comunica, manexando o rexistro axeitado, respectando ás persoas con quen se establece a interacción e evitando expresións discriminantes, definirá o propio valor como comunicadores.
- A relación entre os interlocutores e a forma na que se transmite a mensaxe (oral ou escrita) son factores que determinan as variedades lingüísticas como a formal ou culta e a familiar, que pode ser coloquial ou vulgar.
- No proceso de comunicar, todos os elementos son importantes, non só a linguaxe da palabra, senón tamén outros como os elementos paraverbais e os non verbais.

Muestra gratuita

### Reflexión final

Normalmente os falantes non son capaces de distinguir entre os rexistros coloquial e vulgar porque é o nivel de lingua que acostuman falar diariamente. Por tanto, coñecer estas diferenzas enriquecerá a súa competencia lingüística.

## Comproba o que aprendiches

1. O diferencialismo é un dos criterios que se utilizou na creación da lingua estándar.

- a. Verdadeiro.
- b. Falso.

2. Completa as seguintes oracións cos termos que se indican.

Diafásica          Diastrática          Diatópica

A variedade \_\_\_\_\_ fai referencia ás mudanzas que se producen na lingua respecto de factores como a fonética, a sintaxe ou o léxico, segundo a zona xeográfica.

A variedade \_\_\_\_\_ refírese aos diferentes «xeitos de falar» dependendo do contexto, que dan como resultado un rexistro de uso máis ou menos formal.

A variedade \_\_\_\_\_ relaciónase co dominio da lingua, o que se traduce nun nivel culto e outro vulgar con relación a este.

3. A que se refire o concepto de elementos paraverbais?

- a. Posición do corpo.
- b. Dicción, expresividade e estilo comunicativo.
- c. Utilización da norma estándar.
- d. Xestos e acenos.

4. Identifica se as seguintes palabras pertencen ao bloque occidental, central ou oriental.

	Bloque occidental	Bloque central	Bloque oriental
*Ghato			
*Lus			
*Guardar			
*Tu			
*Colliches			
*Caxa			
*Aviós			
*Muito			
*Cantandes			
*Colleute			
*Vecín			



5. Sinala se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións .

	V	F
A lingua estándar é a construción lingüística unificadora e pautada que todos comparten e adoptan tanto na escrita como nos usos formais		
O contexto de uso non ten influencia sobre a variedade lingüística		
A especialización da lingua estándar no contexto profesional pode dar lugar á aparición do tecnolecto ou dialecto técnico		
Os hipergaleguismos son formas que se constrúen erroneamente, por un afán de diferenciación excesivo cando o vocábulo xenuíno coincide co castelán		
A linguaxe corporal non está relacionada coa mensaxe que se está a transmitir		

6. Que tipo de desviación da norma supón o uso de «conquerir» co significado de «conquistar»?

- a. Castelanismo.
- b. Hiperenxebrismo.
- c. Arcaísmo.
- d. Lusismo.

7. Que tipo de prexuízos contén a frase «Chorar como unha nena»?

- a. Racistas.
- b. Lingüísticos.
- c. Sexistas.
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

8. Sinala os trazos propios do nivel culto e expón unha situación na que utilizarías esta linguaxe e outra na que recurrirías a unha linguaxe informal.

---



---



---



---



---

9. Que significado pode ter o volume alto?

- a. Seguridade.
- b. Interese.
- c. Agresividade.
- d. Cansazo.

# Solucións

1. O diferencialismo é un dos criterios que se utilizou na creación da lingua estándar.

- a. Verdadeiro.
- b. Falso.

2. Completa as seguintes oracións cos termos que se indican.

Diafásica          Diastrática          Diatópica

A variedade diatópica fai referencia ás mudanzas que se producen na lingua respecto de factores como a fonética, a sintaxe ou o léxico, segundo a zona xeográfica.

A variedade diafásica refírese aos diferentes «xeitos de falar» dependendo do contexto, que dan como resultado un rexistro de uso máis ou menos formal.

A variedade diastrática relaciónase co dominio da lingua, o que se traduce nun nivel culto e outro vulgar con relación a este.

3. A que se refire o concepto de elementos paraverbais?

- a. Posición do corpo.
- b. Dicción, expresividade e estilo comunicativo.
- c. Utilización da norma estándar.
- d. Xestos e acenos.

4. Identifica se as seguintes palabras pertencen ao bloque occidental, central ou oriental.

	Bloque occidental	Bloque central	Bloque oriental
*Ghato	X		
*Lus	X	X	
*Guardar			X
*Tu		X	X
*Colliches	X	X	
*Caxa			X
*Aviós		X	
*Muito	X		X
*Cantandes		X	
*Colleute	X		
*Vecín			X

5. Sinala se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións.

	V	F
A lingua estándar é a construción lingüística unificadora e pautada que todos comparten e adoptan tanto na escrita como nos usos formais	X	
O contexto de uso non ten influencia sobre a variedade lingüística		X
A especialización da lingua estándar no contexto profesional pode dar lugar á aparición do tecnolecto ou dialecto técnico	X	
Os hipergaleguismos son formas que se constrúen erroneamente, por un afán de diferenciación excesivo cando o vocábulo xenuíno coincide co castelán	X	
A linguaxe corporal non está relacionada coa mensaxe que se está a transmitir		X

6. Que tipo de desviación da norma supón o uso de «conquerir» co significado de «conquistar»?

- a. Castelanismo.
- b. Hiperenxebrismo.
- c. Arcaísmo.
- d. Lusismo.

7. Que tipo de prexuízos contén a frase «Chorar como unha nena»?

- a. Racistas.
- b. Lingüísticos.
- c. Sexistas.
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

8. Sinala os trazos propios do nivel culto e expón unha situación na que utilizarías esta linguaxe e outra na que recurrirías a unha linguaxe informal.

Na linguaxe culta, os enunciados adoitan ser longos e elaborados; o vocabulario é amplo, preciso e presenta unha abondosa adxectivación; a pronuncia ou a escrita están moi coidadas.

A sintaxe é complexa, coa utilización frecuente de oracións subordinadas e construcións pasivas; o léxico é rico e variado; e os recursos de cohesión sintáctica son numerosos, sobre todo a través dos conectores ou marcadores discursivos.

Utilizaríase unha linguaxe culta á hora de expor un proxecto ante os compañeiros de traballo e, en cambio, nunha cea con amigos recurriríase a unha linguaxe informal.

9. Que significado pode ter o volume alto?

- a. Seguridade.
- b. Interese.
- c. Agresividade.
- d. Cansazo.

# 2.

## Comprensión e síntese de textos escritos

Os tempos son chegados  
dos bardos das edades  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán

EDUARDO PONDAL  
1835-1917

Contidos



### 2. Comprensión e síntese de textos escritos

#### 2.1. Introducción

2.2. Análise e interpretación de textos procedentes dos medios de comunicación escritos (reportaxe, editorial, columna, etc.) sinalando os puntos fundamentais tratados e as súas relacións, e o carácter destes textos (expositivo, argumentativo, etc.)

2.3. Análise e interpretación de textos da vida cidadá e profesional como disposicións legais, contratos, folletos informativos, correspondencia institucional e comercial, solicitudes, currículos, recoñecendo os elementos de contido e estruturais que lles son propios

2.4. Identificación de distintos procedementos de conexión nos textos, con especial atención aos conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, e dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna

2.5. Expresión do contido fundamental dos textos estudados mediante os procedementos adecuados: esquemas, mapas conceptuais e resumo escrito

2.6. Consulta e interpretación adecuada das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e normativa)

## Obxectivos

- Identificar en diferentes tipos de textos (profesionais, legais, administrativos) o seu contido fundamental e as súas características formais, os procedementos de conexión utilizados (conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese) e os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna usados, formulando unha valoración crítica destes.
- Reformular por escrito o contido dun texto, preferentemente relacionado co propio ámbito profesional, distinguir os diferentes puntos de vista manifestados, enumerar as ideas esenciais, as relacións entre elas e xerarquizarlas nun esquema ou nun mapa conceptual.
- Consultar dicionarios da lingua cando sexa necesario aclarar o significado de palabras e expresións dos textos lidos e expresar adecuadamente a información que transmiten (categoría gramatical, significado, rexistro da lingua e normativa).

Muestra gratuita



### Reflexión inicial

Un texto é unha manifestación lingüística gramaticalmente analizábel e para levar a cabo esta análise é necesario saber que existe unha ampla diversidade de textos e son moitas as características a ter en conta, tanto para o seu estudo como para a súa composición.

dos bardos das embaes  
que as vosas vaguedades  
cumprido fin terán

EDUARDO PONDAL  
1835-1917

## Introdución

2.1.



A diversidade das tipoloxías textuais é tal, que na práctica tende a infinito. Moitas das categorías establecidas tradicionalmente pódense subdividir noutras, dando lugar a novos subtipos de texto, xéneros híbridos, etc.

Por esta razón, cómpre achegarse a certas tipoloxías básicas para contraponer as súas diferenzas, identificar trazos de subxectividade fronte á achega de datos obxectivos, recoñecer a súa intencionalidade e descodificar adecuadamente as mensaxes que se conteñen neles, a través do estudo analítico das súas partes e compoñentes esenciais, polo que se analizarán diversas mostras textuais e documentais que están moi presentes no mundo profesional, laboral e persoal do día a día.


Nesta unidade didáctica realizarase un percorrido polas tipoloxías textuais de circulación cotiá. Analizaranse os recursos principais que dotan o texto de cohesión e se introducirán os métodos que permiten procesar a información en paquetes de información máis reducidos e sintéticos. Ademais, ofrecerase unha breve panorámica sobre a estrutura dos manuais de consulta máis habituais, nomeadamente, os dicionarios, co fin de entender a información que conteñen e interpretala de maneira completa e eficaz.

## Análise e interpretación de textos procedentes dos medios de comunicación escritos (reportaxe, editorial, columna, etc.) sinalando os puntos fundamentais tratados e as súas relacións, e o carácter destes textos (expositivo, argumentativo, etc.)

2.2.

Os medios de comunicación escritos seguen a ser na actualidade unha das fontes principais de información para a cidadanía. Ademais das revistas especializadas, que tratan polo miúdo temas moi variados (ciencia e tecnoloxía, música, lecer, moda, sociedade, etc.), os xornais constitúen aínda un dos recursos preferidos polo público lector para se informar. Con todo, nos xornais aparecen non só noticias que achegan información xeral, senón outro tipo de textos.

Desta maneira, acostúmase clasificar os textos das publicacións periódicas en diferentes **xéneros xornalísticos**: informativos, de opinión e mixtos.



Neste epígrafe describíranse os dous primeiros grupos, os xéneros informativo e o de opinión.

Con respecto ao xénero informativo cabe destacar dous tipos de texto: a noticia e a reportaxe.

Por unha banda, a **noticia** ou nova dá conta dun acontecemento recente que pode ter interese para o público lector. En contraposición á reportaxe, a noticia é moito máis breve e non incorpora xuízos de valor do xornalista.

A estrutura fixa da noticia consta de titular, entrada e corpo.

O titular introduce o feito ou asunto sobre o que se vai informar. A súa función é catafórica, isto é, adiántalle información ao lector ou lectora antes de a poder examinar pormenorizadamente. Pode estar composto por un antetítulo, un título e un subtítulo.

A entradía presenta a información principal nun resumo cos datos máis significativos. Cando non existe entrada, o primeiro parágrafo do corpo cumpre con esta función de síntese.

Por último, o corpo é a parte que contén o «miolo informativo». O tema desenvólvese polo miúdo e convenientemente desagregado, presentando primeiro os datos máis relevantes para logo referir os detalles complementarios.

Por outra banda destaca a **reportaxe**, que é un relato periodístico relativamente extenso, onde se ofrece unha visión detallada dun tema de actualidade ou dun asunto que volve adquirir relevancia informativa no presente (efemérides dun acontecemento, sucesos relacionados con outro anterior, etc.).

A reportaxe pode ser difundida non só a través dos medios escritos, senón tamén por outras canles como a radio ou a televisión, e presenta algunhas características particulares:

- Adoita ir asinado por unha persoa (ás veces máis dunha) que realiza unha pescuda exhaustiva sobre o tema en cuestión, tanto a través das fontes xa existentes (bibliografía recente ou histórica) como nunha nova achega, revisando o tema desde a óptica presente e contrastándoa co que foi dito. No eido televisivo esta figura coñécese como correspondente ou enviado especial.
- É frecuente que inclúa declaracións de técnicos na materia e testemuños de persoas implicadas nos acontecementos reportados. Este recurso «de autoridade» procura achegar verosimilitude ao relato, ao se apoiar en persoas teoricamente ben informadas e coñecedoras da materia.
- Non adoita abordar temas puntuais, normalmente desvinculados dunha liña informativa máis ampla:

Un roubo nunha zona rural na época estival.

Senón que afonda nunha temática ou asunto que mantén certa vixencia no tempo e cuxas implicacións se poden percibir a máis longo prazo:

As vagas de roubos en zonas rurais onde residen grupos significativos de emigrantes retornados, por parte de mafias expertas, e que adoitan rebrotar durante o verán, ano tras ano.

Xénero informativo

Noticia

Reportaxe

### Exemplo

Busca por Internet exemplos de xéneros xornalísticos en publicacións como [www.praza.gal](http://www.praza.gal).

### Consulta

Visita o seguinte enlace e fíxate nas características propias dunha reportaxe: <http://bit.ly/1zv2A29>.

Xénero de opinión

Editorial

Carta á dirección

Artigo de opinión

?? Sabías que...?

No ano 1876 editábase, promovido por Valentín Lamas Carvajal, o considerado pioneiro dos periódicos integramente en galego, *O Tío Marcos da Portela*.



! Importante

O obxectivo das marcas de subxectividade é divulgar a opinión do autor, con suposta imparcialidade e independencia a respecto da liña editorial do xornal, para incitar á reflexión.

Cómpre notar que as reportaxes escritas incorporan con frecuencia recursos e elementos non verbais como fotografías, mapas, infografías, diagramas, etc., así como datos exhaustivos sobre o tema, que lle confiren maior rigorosidade informativa e achegan unha información moito máis completa da que se acostuma referir nas noticias, as cales padecen maiores limitacións de espazo.

En relación ó xénero de opinión inclúense diversos escritos, como o editorial, a carta á dirección e a columna ou artigo de opinión.

En primeiro lugar, o **editorial** comparte bastantes trazos co artigo de opinión, pois tamén emite valoracións sobre un tema determinado. Porén, no seu caso pódese afirmar que posúe maior peso específico, xa que concentra e representa a opinión oficial da publicación.

Entre as súas características máis salientábeis, pódese citar que non levan sinatura, xa que non se trata da opinión persoal dun xornalista, senón a da dirección ou do consello editorial do xornal ou da revista. O estilo conxuga a claridade e un manexo habelencioso da lingua no seu rexistro ou nivel culto. Adoita redactarse, ademais, en terceira persoa.

En canto a estrutura, o editorial conta con introdución, exposición do tema; argumentación, razoamentos a favor ou en contra do asunto exposto; e conclusión.

En segundo lugar, a **carta á dirección** é un texto que se move no campo ambivalente da exposición e da argumentación. Non obstante, este é o instrumento que facilita que a cidadanía poida participar coa súa opinión nos debates informativos de actualidade.

Xa que o sentido destes textos só se cumpre ao seren publicados nas páxinas do xornal, teñen de axustarse a unha serie de parámetros particulares:

- Extensión determinada polo xornal ou a revista.
- Rexistro formal.
- Estilo aberto, aínda que normalmente a redacción do xornal resérvase o dereito a extractalas e modificar a ordenación do texto ou incluso as súas expresións.
- Ademais, ao seren enviados por correo electrónico ou correo ordinario, deben conter os datos básicos do seu autor: nome e apelidos, lugar de residencia e, ás veces, número do documento de identidade.

Finalmente, a **columna** e o **artigo de opinión**, a pesares de contar con algunhas diferenzas, son tamén textos xornalísticos que expresan a opinión persoal do seu autor sobre un tema de actualidade. Entre as súas características destaca que se clasifican como escritos argumentativos, xa que conteñen opinións apoiadas en razoamentos.

Ademais, amosan certa preferencia por unha estrutura expositiva, polo que presentan as súas partes esperábeis: introdución, desenvolvemento e conclusión. A súa temática é libre, e depende da valoración persoal do seu autor respecto da actualidade ou do interese público do dito tema.

A lingua empregada nestes textos adoita ser clara, cun estilo áxil, proxectando a autoría individual coa primeira persoa. É frecuente que inclúa marcas de subxectividade para reflectir as valoracións persoais do redactor ou redactora: adxectivos valorativos (lamentábel, marabilloso, etc.), substantivos enxalzadores (acerto, aposta, demostración, beneficio, etc.) e substantivos deostadores (inoperancia, ineficiencia, inutilidade, abandono, desinterese, etc.).

## 2.3.

## Análise e interpretación de textos da vida cidadá e profesional como disposicións legais, contratos, folletos informativos, correspondencia institucional e comercial, solicitudes, currículos, recoñecendo os elementos de contido e estruturais que lles son propios

Alén dos textos xornalísticos, que son maioritariamente unidireccionais (a información só se transmite nun sentido: desde o autor ao lector ou lectora), existen moitos outros textos que calquera persoa recibe no día a día e que a interpelan directamente.

Aínda máis, en moitas ocasións a cidadanía precisa dirixirse á Administración, a empresas privadas ou a outros cidadáns e cidadás con fins diversos.

Nos últimos anos, porén, as versión dixitais dos xornais veñen xa incorporando os comentarios ás noticias ou ben foros de debate sobre elas, normalmente moderados por unha persoa experta.

Na práctica, isto acabou por crebar a mencionada unidireccionalidade, permitindo unha comunicación moito máis interactiva e inmediata entre os redactores do xornal e os seus lectores.

As **disposicións legais** son textos especializados que a cidadanía recibe directamente cando está envolta nun proceso administrativo ou xudicial ou ben que a Administración pública para consulta ou interese públicos. O seu carácter é expositivo e regulador, xa que expón unha serie de preceptos de obrigado cumprimento, ás veces mesmo con carácter sancionador.

A estrutura deste tipo de textos adoita comprender un preámbulo (unha relación preliminar de motivos que xustifican a pertinencia da lei), unha listaxe de artigos que desenvolven o contido desta e unha serie de disposicións finais que completan o articulado.

A característica fundamental destes textos é o seu marcado formalismo, cun uso escrupuloso da variante estándar, alén do emprego de terminoloxía específica dos tecnolectos administrativo e xurídico.

O **contrato** é un texto que recolle por escrito un acordo ou pacto entre dúas ou máis partes. É importante salientar que asinar un contrato compromete legalmente todas as partes implicadas, de aí que a lectura atenta das súas cláusulas constitúa unha fase indispensable antes de rubricalo.

No caso dos contratos con empresas subministradoras de servizos (telefonía, electricidade, internet, etc.), cómpre deterse o tempo necesario antes de asinalos e pedir sempre unha copia do acordado, aínda que este se formalice por vía telefónica.

A linguaxe empregada debe ser clara, precisa e evitar no posíbel expresións arcaizantes que ocultaren o significado dalgunha das súas cláusulas.

A estrutura de calquera tipo de contrato adoita conter a seguinte información: lugar e data, relación de persoas que subscriben o acordo, obxectivo do contrato, cláusulas definitorias (que condicións e compromisos asume cada unha das partes) e unha fórmula de encerramento, a cal inclúe as sinaturas correspondentes.

Textos da vida cidadá e profesional

Disposicións legais

Contrato

Correspondencia institucional e comercial

Folletos informativos

Textos publicitarios

Solicitudes

Currículo

### Consulta

Para identificar as disposicións xerais e a súa estrutura consulta o DOG (Diario Oficial de Galicia) no seguinte enlace: <http://bit.ly/1knSD38>.

### Consulta

Nos seguintes enlaces podes consultar diferentes modelos de solicitudes.  
<http://bit.ly/1xtnB11> ou <http://bit.ly/1GxCkav>.

Outro grupo de textos correspóndese con aqueles que achegan algún tipo de **correspondencia institucional ou comercial**, sobre produtos mercantís e servizos da Administración ou de empresas privadas respectivamente. En liñas xerais forman parte da consideración de publicidade, xa que o seu obxectivo común é persuadir á cidadanía sobre a calidade dun produto ou dun servizo e fomentar o seu interese, convidándoa a participar dos seus beneficios.

Os **folletos informativos** adoitan presentar o formato de díptico ou tríptico (dúas ou tres follas de tamaño reducido) e conxugan normalmente a imaxe co texto, sendo este bastante sintético e directo. No entanto, a correspondencia comercial mantén un ton máis formal e neutro, moi achegado á carta institucional, mediante a que se presenta un produto ou un servizo dunha empresa privada.

Os **textos publicitarios** adoitan incorporar un slogan ou lema comercial, cuxa importancia é vital, pois condensa os valores da marca e xoga o papel de atraer o público consumidor. Para apoiar o slogan, a imaxe adquire un rol esencial, mentres que a marca permite identificar quen ofrece o produto ou o servizo que se está a ofertar.



Os recursos persuasivos da publicidade son abondosos e pertencen a un campo de coñecemento moi especializado. O uso imaxinativo e dinámico da linguaxe (verbal e non verbal), que acostuma presentar moitas voces estranxeiras e neoloxismos (mesmo ás veces emprega integramente idiomas de prestixio internacional, como o francés ou o inglés), a preferencia pola economía lingüística para aumentar o impacto da mensaxe, o emprego experto dos recursos estilísticos ou a apelación directa e incluso agresiva ao público potencialmente comprador, entre outras, son características habituais destes textos.

Para finalizar, o currículo e a solicitude son dúas modalidades textuais que cômpre coñecer e dominar, pois forman parte das dinámicas cotiás de relación entre a cidadanía, e entre esta e as administracións ou as empresas privadas.

A **solicitude**, entón, é un texto de tipo administrativo, en que a cidadanía se dirixe á Administración ou ao órgano xestor dun servizo nunha empresa privada, co fin de lle solicitar por escrito a tramitación prevista pola normativa vixente ou polo acordo asinado previamente entre as partes. Xunto á denuncia, a alegación e o recurso, son os documentos administrativos que máis emprega a cidadanía.

A pesar de que moitos organismos xa contan con modelos normalizados de solicitude, tamén se poden redactar partindo de cero, sempre que se respectaren certas directrices canto á súa estrutura: debe conter unha cabeceira (ás veces cun título conciso e breve que identifique o motivo da solicitude), xunto coa identificación da persoa ou institución que a emite; no corpo do documento expóñense os motivos que xustifican a solicitude, mais a explicación específica daquilo que se solicita.



O documento fécchase cun peche que inclúe lugar e data e sinatura, coa identificación do destinatario do escrito (no pé da páxina). De ser necesario xuntar algún documento anexo, especificaríase a seguir, coa relación desagregada de documentos adxuntos.

Diagrama de un formulario de solicitud de la Xunta de Galicia. El formulario está dividido en varias secciones:

- Cabeceira:** Encabezado con el logo de la Xunta de Galicia y el título "SOLICITUDE".
- Identificación:** Datos personales con campos para Nombre, DNI/CIF, Localidad, Provincia, Código postal, Teléfono de contacto y Correo electrónico.
- Corpo:** Cuerpo del documento con un espacio grande para "EXPOÑO" y un espacio para "Por todo iso. SOLICITO:".
- Data:** Fecha con campos para día, mes y año.
- Sinatura:** Firma con un campo para la firma.
- Destinatario:** Destinatario con un campo para el destinatario.

Por outra parte, o **currículo** é un texto sintético onde se expoñen de maneira clara e resumida os datos biográficos e profesionais dunha persoa.

Na actualidade, manexar con habilidade os procesadores de texto ou as novas tecnoloxías é case imprescindible para redactar un currículo atractivo coa intención de optar a un posto de traballo.

Sen entrar en recomendacións concretas sobre o seu formato pódese asegurarse, en xeral, que os currículos deben incluír información actualizada, ser breves (non máis de dúas follas) e amosar unha estrutura clara e ben diferenciada.

As partes que debe conter o currículo, como mínimo, son: datos persoais, titulacións académicas, cursos de formación realizados, experiencia laboral, idiomas, coñecementos informáticos e outros datos de interese (carné de conducir, afeccións persoais, práctica de actividades de proxección social ou deportivas, etc.).

### Consulta

Fíxate nas diferencias entre un currículo funcional e un currículo cronolóxico:  
<http://bit.ly/1zDiQOw> e <http://bit.ly/1zFo9yb>.

## Identificación de distintos procedementos de conexión nos textos, con especial atención aos conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, e dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna



Os textos organizanse en enunciados, os cales forman parágrafos con sentido. Unha estruturación adecuada a este nivel, desde o máis esencial (conexión entre enunciados) até o máis complexo (a conexión entre parágrafos), é a responsábel de que o texto adquira sentido completo.

Para este fin, existen distintos **procedementos de conexión textual**. A continuación enunciaranse algúns dos máis relevantes, para seren tratados nas unidades didácticas sucesivas.

Por unha banda, os instrumentos fundamentais de cohesión son os marcadores ou **conectores do discurso**. Os seus trazos distintivos son os seguintes:

- Non admiten flexión de xénero nin de número, isto é, a súa forma é invariábel.
- Admiten a combinación con outros conectores para crear novas formas, como «tampouco non», «logo daquela», «mais tamén», etc.
- Poden aparecer en diferentes posicións no enunciado, ao principio, no medio ou ao final, aínda que algúns prefiren sempre a mesma localización.
- Na lingua escrita, pódense identificar por apareceren entre comas ou logo dun punto. Na lingua oral, correspóndense cunha entoación particular e diferenciada do resto do enunciado.
- Do punto de vista gramatical, non cumpren función sintáctica ningunha. O seu cometido é conectar as ideas do discurso, o que responde a unha función externa á oración.

Por outra banda, cabe destacar os conectores de causa e consecuencia, os conectores de condición e os conectores de hipótese.

### ! Importante

A pesar de que nalgúns ocasións adoptan as mesmas formas, os nexos e os conectores non son o mesmo. Os nexos, en contraposición aos conectores, si teñen unha función sintáctica, enlazan oracións coordinadas ou introducen as subordinadas. Ademais, non teñen por que aparecer tras puntuación nin entre comas.

<b>Conectores de causa e consecuencia</b>	Establecen unha relación de causa-efecto	Así (pois), entón, daquela, de acordo co anterior, debido a isto, por este motivo, posto que, xa que logo, en consecuencia, segundo o exposto, etc.
<b>Conectores de condición</b>	Predispoñen un resultado	A condición de que, a menos que, sempre que, agás que, excepto que, excepto se, salvando que, con que, en caso de que, etc.
<b>Conectores de hipótese</b>	Enuncian unha probabilidade para que un feito aconteza	Se cadra, se callar, quizás, talvez, acaso, disque, seica, etc.

É preciso sinalar que existen outros tipos de conectores, ademais dos xa mencionados. Uns dos máis utilizados son os de orde, que serven para establecer a disposición temporal ou espacial dos elementos que se enumeran.

Ademais destes, existen outros mecanismos de cohesión interna. Segundo a relación establecida entre os enunciados dun texto, esa cohesión pode ser de tres clases: gramatical, léxica ou semántica.

Dende o punto de vista **gramatical**, recoñécese a deíxe e a elipse.

A deíxe é o fenómeno polo cal unha palabra remite a unha parte anterior ou posterior do discurso.

Pode realizarse mediante pronomes persoais ou posesivos (deíxe persoal):

Fuco e María están namorados. Eles viven no seu mundo.

Con pronomes demostrativos ou adverbios de lugar (deíxe demostrativa):

Helena quere volver de Alemaña. Aló vai moito frío.

Porén, ás veces, o pronome non fai referencia a unha soa palabra ou pequeno grupo, senón a un enunciado completo:

Non penso que a culpa sexa túa. Non quero dicir iso.

A elipse consiste na omisión dun ou varios elementos nun enunciado cando é posíbel deducilo ou existe unha referencia anterior a el:

—Foi Xan pola compra?

—Foi.

No plano **léxico**, distínguense dous mecanismos fundamentais, ambos os dous de substitución, ben por sinónimos, ben por hiperónimos.

A substitución por sinónimos consiste en alternar e combinar palabras con significados equivalentes no mesmo enunciado ou en enunciados próximos entre si:

Xacobe é un cativo moi intelixente. O meniño adora a música.

A substitución por hiperónimos, pola súa banda, consiste en relacionar unha palabra cun sentido máis xenérico con outras palabras de sentido máis específico (denominadas hipónimos):

Os vehículos da casa de aluguer non estaban en bo estado. O único automóbil dispoñíbel tiña unha roda picada.

Finalmente, no eido da **semántica** (que pon en relación varias palabras dun texto) establécense outros dous mecanismos cohesivos.

En primeiro lugar, a reiteración léxica a través da repetición dunha ou varias palabras en distintas partes do texto:

Déronnos a súa palabra e, para nós, a palabra é suficiente.

En segundo lugar, o emprego dunha familia léxica común, en enunciados diferentes:

Algúns estudos recomentan non estudar durante a madrugada, mais moitos estudantes téñeno por costume.

### ! Importante

A deíxe tamén se coñece como referencia ou anáfora (remite a unha parte anterior do discurso) ou catáfora (alude a unha parte posterior daquel).



### Vocabulario


**Familia léxica:** conxunto de palabras que presentan o mesmo lexema (que é a unidade mínima de significación dunha palabra, de natureza non gramatical).

## Expresión do contido fundamental dos textos estudados mediante os procedementos adecuados: esquemas, mapas conceptuais e resumo escrito

A partir dun conxunto extenso de información, pódense aplicar diferentes métodos de tratamento textual e síntese, os cales permiten expresar o seu contido de maneira reducida. Os principais son o esquema, o resumo e os mapas conceptuais.

### Exemplo

Un exemplo de esquema con frechas, denominado esquema de árbore, acollería na súa caixa superior a idea principal extraída do texto, da que partirían as ideas secundarias, e destas últimas, as palabras claves.



O **esquema** é unha presentación sintética e xerarquizada da información máis importante dun texto, ou sexa, recolle de maneira sucinta e breve o contido máis relevante do dito texto, dispoñendo as súas partes, identificadas previamente (tras a lectura e o subliñado), mediante enumeracións ou guionización.

Os esquemas son útiles para favorecer a comprensión e o estudo posterior dun texto, alén de ofrecer unha visión de conxunto accesíbel e rápida. Ademais, aumentan a capacidade de síntese e facilitan o repaso dos contidos.

Para que un esquema sexa adecuado, antes debe facerse unha lectura atenta, co seu subliñado correspondente, organizando as ideas en principais e secundarias, segundo a súa importancia.

Daquela, o esquema funciona como un sistema que axuda a expresar a relación entre as ideas, exemplificando a súa relevancia de diferentes maneiras. Todas elas seguen unha estruturación xerárquica, que se reflicte no uso de secuencias, das principais ás secundarias. Esta secuenciación adoita representarse visualmente con sangrados ou espazos. Os métodos de esquematización máis comúns realízanse con frechas, caixas, números, letras, guións, viñetas ou símbolos.

Os **mapas conceptuais** son ferramentas gráficas para organizar e representar unha serie de ideas principais extraídas dun texto. Representan os conceptos máis salientábeis deste, así como as súas relacións entre eles, de maneira visual e sinóptica.

Os mapas conceptuais constrúense, xa que logo, con base nos conceptos indispensábeis do texto, que se representan enmarcados nalguna clase de figura xeométrica e se relacionan con outros mediante liñas de conexión, que determinan a vinculación de dous ou máis conceptos entre si. Por esta razón, este tipo de organigramas son moi útiles, como apoio, para expoñer e desenvolver oralmente un tema determinado.

Para confeccionar un mapa conceptual adecuadamente, pódense seguir os seguintes pasos:

- 1.º Realizar unha lectura atenta do texto. De existir algunha dúbida de tipo léxico, convén resolvela co dicionario para determinar que acepción de uso se deduce do contexto.
- 2.º Localizar e resaltar, mediante o subliñado, as ideas ou conceptos máis relevantes. Esta información será a que se incluírá no mapa.
- 3.º Clasificar as ideas xerarquicamente, segundo a súa importancia.
- 4.º Determinar as relacións existentes entre cada unha delas.

### Consulta

Visita as seguintes ligazóns e reflexiona sobre a distribución dos contidos.  
<http://bit.ly/1AJXBd8> e <http://bit.ly/1z0b9iL>.